



## O VERÁN QUE SEMPRE VAS LEMBRAR

### DATAS

08-19/09/2023

### IDADES

18-30

### ÁMBITO

Autonómico e Galicia exterior

### MODALIDADE

Arqueolóxico

### PRAZAS

26

## CASTRO DE VILADONGA (CASTRO DE REI -LUGO)

### LOCALIZACIÓN

Castro de Rei é un concello da provincia de Lugo. Pertence á comarca da Terra Chá.

A Terra Chá é un dos mellores exemplos da paisaxe rural galega e un paradigma da Galicia verde.

Castro de Rei é conxunto histórico artístico e vila pintoresca dende 1971 e o seu centro histórico está habitado dende hai cinco mil anos nunha elevación que foi castro primeiro e fortaleza con torre de vixía despois. A día de hoxe quedan parte das murallas e do castelo con restos da que era a vivenda (a torre caeu en 1941).



### DESCRICIÓN DO CAMPO

Este campo de voluntariado vai permitir a convivencia e o intercambio de experiencias entre mozos e mozas galegos e mozos e mozas descendentes de emigrantes galegos, que participarán conxuntamente en actividades de voluntariado vinculadas co patrimonio cultural galego, ademais de gozar dun programa de actividades de tempo libre.

As actividades de voluntariado están vinculadas co xacemento arqueolóxico do Castro de Viladonga, situado na parroquia de Santiago de Viladonga, no concello lucense de Castro de Rei.

Os terreos onde se empra o xacemento arqueolóxico son propiedade da Xunta de Galicia.

Trátase dun xacemento arqueolóxico da Idade do Ferro e época romana que destaca polos seus valores científico e patrimonial, así como polo seu potencial como recurso cultural, dado que se trata dun dos xacementos arqueolóxicos máis senlleiros de Galicia e un dos máis coñecidos e visitados polo público en xeral, contando ademais cun museo de sitio. Todos estes valores fan que teña a consideración de Ben de Interese Cultural coa categoría de Monumento segundo o Decreto 441/2009, do 11 de decembro (DOG núm. 251, do 28.12.2009).

Os traballos que se realizarán neste campo consistirán, en estreita colaboración co equipo de restauración do castro, na limpeza e consolidación das súas estruturas arqueolóxicas.

Ademais, realizarase un obradoiro téxtil e coñecemento de primeira man do traballo de gabinete en arqueoloxía, especialmente a catalogación dos fondos arqueolóxicos dende a prehistoria ata os nosos días coa finalidade de transmitir o devir histórico a través do estudo destes obxectos.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

#### » Rutas de sendeirismo:

- PRG- 154 Río Azúmara (Castro de Rei).
- PRG-99 Ruta da Auga (Guitiriz).

#### » Excursións:

- Cabo Ortegá, Garita da Herbeira, Cedeira, Praia de Vilarrube.
- Excursión a Lugo.
- Vila de Ribadeo, Museo do mar de San Cibrán, Praia de Area e Fociño do Porco.
- Caiac.

#### » Veladas

**NOTA:** estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo de voluntariado.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E XUVENTUDE

## ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Hotel-Restaurante Río Lea, avenida Terra Chá, 41, 27289 Ribeiras de Lea (Castro de Rei).

## INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16.00 h no lugar do aloxamento.

## COMO CHEGAR

A forma máis rápida de chegar a Castro de Ribeiras de Lea é por Lugo, **tanto por ferrocarril como por estrada**. A distancia entre ambos os lugares é de 20 km.

Para viaxar desde Lugo a Castro de Ribeiras do Lea a empresa de autobuses que cobre esa liña é [www.arriva.gal](http://www.arriva.gal).

## COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa ou de familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

## DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.



## EQUIPO ACONSELLABLE

- » Útiles de aseo e toalla de ducha.
- » Saco de durmir, esteira e mochila para rutas.
- » Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo.
- » Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chubasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).

## DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria

## SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

## CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado:

- » T. 981 957 115 - [camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Lugo:

- » T. 982 294 923 - [camposlugo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposlugo.xuventude@xunta.gal)

## INFORMACIÓN ADICIONAL

[xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es) Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

[@xuventudegalicia](https://www.facebook.com/xuventudegalicia) Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado